



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

**Expediente nº 2019/E001/000003**

### **DECRETO DA CONCELEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO**

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

Mediante o Decreto 934/2019, do 10 de xuño, foron aprobadas as bases e efectuouse a convocatoria para a selección de dous socorristas como funcionarios interinos. (BOP nº 113, do 17/06/2019).

Este expediente trae a súa causa da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña, que deu orixe á aprobación da Segunda Fase (2019) do Programa de carácter temporal para a seguridade na praia lacustre da localidade (Praia do Lago) baixo o nº de expediente 2019/X999/001688 e que foi aprobado a través do Decreto 843/2019, do 24 de maio.

Ao proceso selectivo presentouse un único aspirante sen que consten persoas que deban ser excluídas.

#### **FUNDAMENTOS LEGAIS**

A base nº 6.2, último inciso, sinala que de non haber persoas excluídas aprobarase con carácter definitivo a lista de aspirantes admitidos.

Resulta preciso designar, así mesmo, o Tribunal (base nº 7) e fixar o día, lugar e hora da celebración das probas.

A competencia orixinaria para ditar a presente resolución está residenciada na Alcaldía -artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)-. Porén a través do Decreto 993/2019, do 24 de xuño (BOP do 28 de xuño), foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

Por todo iso, RESOLVO:

1. Aprobar con carácter definitivo a lista de aspirantes para socorrista, nos seguintes termos:

#### **Admitidos:**

- **Marco Antonio Prieto Sanmartín, con DNI \*\*\*1773\*\***

#### **Persoas excluídas:**

- Ningunha

2. Nomear o seguinte Tribunal cualificador:

- Presidencia:

Titular: Anselmo Pellón Augusto

Suplente: Óscar Ferreiro Filgueiras



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL. 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

- Vogalías:

-1ª:

Titular: Mercedes Torres de la Fuente

Suplente: Richard González Alonso

2ª:

Titular: José García López

Suplente: José Sanjurjo Paz

3ª:

Titular: José Antonio García Roca

Suplente: Otilia Pena Penabad

Secretaria:

Titular: Ana Isabel Caaveiro Franco

Suplente: María Flora Vázquez Alonso

3. Fixar lugar, día e hora de realización da proba:

Lugar: **piscina municipal**

Data e hora: **05/07/2019, ás 10.00 horas**

As Pontes de García Rodríguez

FIRMADO POR ANA MARIA PENA PURRIÑOS (FECHA: 04/07/2019 12:44:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 04/07/2019 12:47:00)

Decreto N°: 1058/2019 - Fecha de decreto: 04/07/2019

versión imprimible

CVD: /mBOQhZIBPp6biQe6En

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.